



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2/2021, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O MÉRCORES 10 DE MARZO DE 2021 .**

## ASISTENTES

### **Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

### **Concelleiros/as:**

#### **Grupo municipal da AdV de Carral**

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

#### **Grupo municipal do PP**

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

#### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

#### **Interventora do Concello**

NOEMI GONZALEZ MATO

#### **Secretario do Concello:**

DIEGO GARCIA DOVAL

## NON ASISTEN


FLORINDA DUARTE GERPE (Non adscrita)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares]

**HORA DE INICIO:** 10:02

**HORA DE REMATE:** 10:34

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 10:02 do mércores 10 de marzo de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 05 de marzo de 2021, no que se indica que "(...)Logo de ver o escrito con data de "17 de febreiro de 2021" (presentado no rexistro xeral do Concello o 17 de febreiro de 2021, nº de rexistro de entrada 213) , subscrito polos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Carral, para tratar os asuntos que indican en tal escrito.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Logo de ver o establecido no texto vixente do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "(...) Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria. (...) (...)”, reúnense en sesión 2/2021, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

1.- “Informe da situación actual do procedemento xudicial contra ó concelleiro José Luis Fernández Mourinho” (Proxecto da rúa Souto Castiñeiros de acceso ao Instituto de Carral)

### 1.- “INFORME DA SITUACIÓN ACTUAL DO PROCEDEMENTO XUDICIAL CONTRA Ó CONCELEIRO JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO” (PROXECTO DA RÚA SOUTO CASTIÑEIROS DE ACCESO AO INSTITUTO DE CARRAL)

O señor Alcalde dá lectura a un texto que proporciona á Secretaría para a súa transcripción literal nesta acta como segue:

*“O equipo de goberno en conxunto quere agradecer a petición de convocatoria deste Pleno ó grupo municipal popular de Carral, solicitada na data 17/2/2021, según o Rexistro municipal, posto que así permítese explicar ao pobo de Carral o ocorrido neste expediente. Aínda que xa se tratou e explicou nun pleno con anterioridade, no pleno 5/2020 de data 30/7/2020, tal e como se recolle na acta do mencionado pleno. **Parécenos favorable para a transparencia volver a falalo.***

*Pásolle a palabra á Sra. xurídica para introducir o punto”.*


A señora técnica de Administración Xeral do Concello, Sonia Campos Ares, dá lectura a un texto que proporciona á Secretaría para a súa transcripción literal nesta acta como segue:

*“Por parte del Sr. Alcalde a principios del año 2020 se me traslada el interés que tiene este Ayuntamiento de ejecutar obras de urbanización en el vial rúa do Souto que da acceso al instituto ubicado en este municipio.*

*Como se tenía conocimiento de una denuncia penal interpuesta por la Agrupación Socialista de Carral con motivo del proyecto de urbanización ejecutado en tal vial, al amparo de una subvención del FEIL correspondiente a la anualidad 2009, pero en la citada fecha (principios de 2020) a nivel municipal se desconocía el resultado de la misma, porque no existía notificación alguna al respecto en el Concello, como queda acreditado posteriormente en el expediente, advierto al equipo de goberno de la existencia de tal denuncia y la conveniencia de saber la finalización de la misma antes de realizar cualquier actuación en el citado vial.*

*De manera paralela a esto, y en una decisión únicamente política, el propio equipo de goberno de manera conjunta, decide poner los hechos en conocimiento del Ministerio Fiscal.*

*Posteriormente, el mismo equipo de goberno, y por una decisión igualmente política, deciden mediante la celebración de un contrato menor, dentro de los límites legales, designar a un abogado externo,*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correoc@carral.es](mailto:correoc@carral.es)

concretamente al despacho “Antas Hernández Vento” para que, de inicio, se persone en el procedimiento y haga un seguimiento del mismo.

Hasta aquí el planteamiento del Servicio Jurídico Municipal. (...)”.

O señor Alcalde continúa dando lectura a un texto que proporciona á Secretaría para a súa transcripción literal nesta acta como segue:

“Como foron publicando nas súas redes sociais que existe un gasto de 18.000 € na contratación deste abogado externo, deixo a palabra á Sra. **Interventora** para que nos dé os importes realmente gastados, **que non son os que din vostedes**”.

A Interventora do Concello, Noemí González Mato, dá lectura a un texto que se proporciona á Secretaría pola Alcaldía para a súa transcripción literal nesta acta como segue:

“En relación a la contratación de un servicio de asistencia jurídica en el asunto de referencia, concretamente y hasta la fecha, solamente se ha producido la contratación del Despacho de Abogados Antas Hernández Vento para el servicio de “conocimiento de la situación y viabilidad de un expediente judicial para posible interposición de querrela” por importe de 847,00 € (IVA incluido), mediante el expediente de contratación menor nº 2020/C002/000074 aprobado por Decreto de Alcaldía de 31 de julio de 2020, previo certificado de existencia de crédito emitido por esta Intervención. Por la realización del servicio señalado fue emitida factura nº 24 el 22 de diciembre de 2020 por importe de 847,00 € (IVA incluido), abonada por el Ayuntamiento de Carral en fecha 22 de enero de 2021.

O señor Alcalde continúa dando lectura a un texto que proporciona á Secretaría para a súa transcripción literal nesta acta como segue:


“**Estamos a falar de 847 € que é o realmente gastado.**

Con respecto á parte administrativa do expediente, como se puido comprobar seguíronse todos os pasos exisidos pola lei, realizouse unha correcta contratación tal e como indicou a Interventora municipal, do abogado externo que realiza o traballo de seguimento do xuicio, e non se pagaron os importes que vostede e o seu partido van dicindo polas redes sociais, de feito e moi distinto da realidade. Cando esté definitivamente concluído o procedemento penal, posto que o auto de sobreseimento como ven sabe foi recurrido polo abogado externo, **xa que non é firme**. Cando se atope finalizado informaremos debidamente do importe total.

**Queremos claridade de todo, non temos que tapar nada.**

Con respecto á vía xudicial, aínda que vostede e o seu partido digan que todo foi archivado, esto non se axusta á realidade posto que está recurrido, só poderán decilo cando teñamos unha sentenza firme.

O equipo de goberno, **non alternativa dos Veciños, nin o PSOE, senon o equipo de goberno** que está formado por ambos partidos, decidiu que se existe unha irregularidade debe facer o que xa fixo, e decir poñer a disposición do Ministerio Fiscal os datos, que é quen decidiu que **existen indicios de delito**.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O equipo de goberno entende que se está causando un perxucio ao pobo de Carral, si se pagaron unhas beirarrúas e non se fixeron e si hai un perxucio para este pobo, este equipo de goberno váise persoar en todos os procedementos xudiciais que sexan necesarios para tratar de resolver todos estes perxucios.

**Esa é a razón política de persoarse no procedemento.**

Queremos lembrarlle, para que tamén poidan decir a verdade nas súas redes sociais, que no escrito ao Ministerio Fiscal presentouse copia da denuncia que o PSOE presentara no ano 2010 e isto **é unha decisión de todo o equipo de goberno de Carral**, por uns feitos ocorridos en Carral e sin a intervención de persoas alleas a Carral por moito que vostedes queiran seguir decindo nas súas Redes sociais.

Para confeccionar a denuncia utilizouse información facilitada polo PSOE de Carral, **debemos preguntarlle si cree que o PSOE de Carral tamén está dirixido por Gelo dende Oleiros.**

É aquí, no pleno, onde débense dar as explicacións políticas, vostede pode seguir usando as súas redes sociais para acusar e para tratar de manchar a imaxen do equipo de goberno dos que non sexan do seu partido, pero nos será sempre eiquí onde explicaremos as posibles irregularidades que encontremos, non crea que nos vamos acobardar nin polas súas publicacións nas redes sociais nin por decisións xudiciais que aínda non son firmes. Seguiremos comunicando a quen corresponda as irregularidades que atopemos e poñeremos sempre todos os medios dispoñibles para axudar a Carral.


Cremos que é vostede quen ten que dar explicacións, non sabemos si xudicialmente ou non, iso será o que decidan os xulgados e nos acetarémolo.

**Pero aquí**, onde se fala da responsabilidade política, si creemos que vostede debe explicar porque se pagaron oito farolas, cando segundo os nosos técnicos só hai catro. Debe vostede explicar ao pobo, si se pagou por unha acera de 1,5 m a cada lado do vial para acceder ao instituto, si esa acera non existe segundo o informe emitido polo técnico municipal, ademáis creo que debe vostede explicar porque contratou un técnico externo ao Concello para certificar a obra en lugar de facelo o propio técnico municipal.

**Se non quere facelo vostede eiquí , fágao nas súas redes sociais, pero dígalle vostede ao pobo a verdade.** Non diga que gastamos uns cartos que sabe que non gastamos, non diga que fomos contra vostede, cando quen foi contra vostede foi o Ministerio Fiscal, non diga que esto é cousa de Alternativa dos Veciños cando foi do equipo de goberno, quen tomou esta decisión.

## MELLOR DIGA:

- se existen esas farolas.
- si existen esas beirarrúas.
- explique porque gastou cartos públicos en contratar un técnico cando tiña vostede un na plantilla do Concello.
- Diga vostede si o que se fixo é o que figuraba no proxecto



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## E POR FAVOR

*Dígao vostede sen insultos, sen manchar o nome dos demais, simplemente decindo a verdade*

*Penso que co que se dixo, xa quedou explicado o expediente que nos trae a este Pleno*

## ÁBRESE O DEBATE

Quen quere intervir?

\_ Sra. Duarte

\_ Sr. Couto

\_ Sr. Mouriño

*Por favor, rogolles brevidade nas súas intervencións posto que lles recordó que hai outro pleno a continuación.”.*


O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que o procedemento se iniciou cando se ía asinar un convenio coa familia “De Marcos”, pois xa tiñan un orzamento para beirarrúas por 18.000 € e o servizo xurídico do Concello indicou que non se podía asinar tal convenio, porque xa había alí obras executadas. Lembra que “Varela” xa puxera unha denuncia ao respecto, que entregou ao PSOE. Engade que este tema se levou pola Alcaldía e pola Concelleira de Economía e Facenda e que, se vben se pediu que informasen os técnicos, decidiron ir directamente á Fiscalía.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) pregunta ao señor Alcalde quen lle escribiu a súa exposición, ao que este resposta que “os mesmos que llas escribían a el”.

Pregunta o señor Fernández Mouriño se solicitaron un informe xurídico antes da contratación do servizo de abogados, ao que a señora Campos Ares, a solicitude do Alcalde, explica que se trata dun contrato menor dentro dos límites legais, cuxa licitación publicouse na páxina web do Concello, e so presentou oferta o despacho adxudicatario e a Interventora decidiu tramitar o contrato menor do que non lembra o título concreto. A Interventora engade que o título do contrato é “servicio de “conocimiento de la situación y viabilidad de un expediente judicial para posible interposición de querella””.

Pregunta o señor Fernández Mouriño se lle solicitaron á técnica de Administración Xeral do Concello un informe xurídico antes do convenio, e ela resposta que non.

O señor Fernández Mouriño opina que é á técnica xurídica do Concello a que emitiría informe se o solicitasen e ela indica que si. Engade que o 21 de xullo de 2020, Alternativa dos Veciños (AdV) publicou nas redes sociais unha aclaración a unha nota do PP, na que dicían que AdV non ía promover ningún expediente xudicial, e que foi o Concello de Carral o que denunciou as irregularidades e que a elección do despacho de abogados “foi decisión do departamento xurídico do Concello, non de ningún concelleiro; a diferenza co anterior equipo de goberno é que agora non se dan os contratos a dedo” e que se fan as cousas con transparencia. Considera que o goberno está formado por persoas que pertencen a partidos políticos, neste caso AdV e o Partido Socialista de Carral, e non é un ente abstracto. Por tanto, considera que foron eles os que denunciaron á Fiscalía e non os servizos xurídicos municipais. Opina que a transparencia é informar aos veciños e facilitar a asistencia dos concelleiros ás sesión dos órganos colexiados. Indica que a esta sesión falta a concelleira non adscrita, porque hai feira en Ordes, e que o pasado 04 de febreiro fíxose outro pleno



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

que a pesares de que dicían que era malo que Mouriño convocase os plenos pola mañá, e de referirse a un tema tan importante coma o POS, segundo opina, non foi casualidade que coincidise coa mañá do día en que o fan citar para declarar por malversación de caudais públicos por denuncia do avogado externo Carlos Hernández, de quen opina que traballa moito co Concello de Oleiros e que traballou no Concello de Ourense, o que “tamén tivo as súas repercusións”. Pregúntase se o fixeron así para que non puidese asistir á sesión e se iso é transparencia. Tamén se pregunta por que se contratou a un avogado externo. Opina que o normal sería que se tivese solicitado ao técnico municipal a emisión dun informe, e manifesta o que viu presentouse o 21 de febreiro de 2021, cando foi a principios do ano pasado que xa faláron de que “faltaban beirarrúas”. Pregúntase por que tardan ano e medio en pedir o informe técnico. Engade que supón que a técnica xurídica xa lles advertiría, como indica que lle fixo a el durante 16 anos, que hai un servizo de asistencia a municipios da Deputación que non costa nada aos Concellos e que el considera “de moita categoría”, e pon como exemplo que “tamén se cansaron de falar de Varinca...”.

O señor Alcalde conminao a que deixe de falar de Varinca ou sobre como ten que contratar ou deixar de contratar a un avogado, e a que explique por que a obra do Souto non está finalizada, pois considera que el xa lle deu as explicacións que pediu sobre a cuestión.

O señor Fernández Mouriño resposta que a el tamén lle escribiron un papel e vaino explicar e o señor Alcalde lémbrale que o que levanta o Pleno é el despois de media hora, e reitera a súa pregunta sobre por que a obra está sen rematar.

O señor Fernández Mouriño replica que pode pedir ata tres plenos ao ano e que o fará para contestar. Opina que é unha vergoña “o que quixeron facer”, e que, “se fosen serios e non se obsesionasen con querer metelo na cárcel” podían evitar o gasto dos 800 e dos 18.000 € que, na súa opinión, seguirán gastando. Considera que non lles chega que dúas xuízas, primeiro a do Xulgado nº 3 e logo a do nº 8, sobresean o asunto por non veren irregularidades, e apelan. Considera que o que queren é gastar os 18.000 € “para acabar con Mouriño”, mentres coida que el fixo o que tiña que facer e pregúntase porque non pararon a tramitación do contrato cos avogados cando os servizos xurídicos municipais pediron ao Xulgado de instrución nº 3 o expediente e, o 26 de agosto de 2020 recibiron escrito no que se indicaba que “Presentado el anterior escrito por la letrada del Concello de Carral (...) entréguese copia a Dª Sonia Campos Ares del expediente aportado por esa parte acompañado de auto de sobreseimiento”. Explica que iso quere dicir que o asunto xa estaba arquivado. Considera que nese intre podían terlle pedido un informe ao técnico do Concello, pois non cre que o Alcalde estea a supervisar obras persoalmente. Engade que, naquel tempo, o Alcalde era auxiliar administrativo e tiña coma superior ao aparelador señor Goyanes quen, segundo indica, non levaba direccións de obra porque o Concello non lle pagaba a cota do colexio”, segundo indica “porque levaba outras obras” externas fóra do horario laboral, e por iso as direccións de obra se contrataban sempre externamente, normalmente cos autores dos respectivos proxectos. Engade que no informe técnico que emitiu o arquitecto do Concello hai dous planos en el di que faltan beirarrúas, mais non hai unha valoración. Manifesta que non sabe se o pediron cando “viron que non había nada que facer”. Explica que hai un informe emitido polo perito xudicial Gabriel José Míguez Álvarez, no que acepta o cargo e xura desempeñar as súas funcións fielmente e declarar a verdade, e no que conclúe que, tras medir as unidades de obra que están á vista e comparalas coas do proxecto, hai 12.887,32 € executados de máis, e engade que a xurídica do Concello tivo que entregarllo ao Alcalde porque foi recolleo ao Xulgado nº 3. Explica que no proxecto había 8 sumidoiros e executados 6 (o que supón 332€ de menos); formigón, executados 140 metros fronte a 130 do proxecto (140 € de máis); de asfalto 1.094 m2 fronte a 800 m2 do proxecto (9.490 € de máis); “acera de baldosa”, 340 m2 fronte a 335 m2 no proxecto (115 € de máis); “baldosas para minusválidos”, 4 m2 fronte a 14,15 m2 no proxecto (347 € de menos); “bordillos”



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

executados 48 fronte a 14 no proxecto (643 € de máis); “señal vertical” executada, unha, fronte a 4 no proxecto (773 € de menos), o que fai un total de 181.069 € no proxecto e, gastados e valorados naqueles tempos, 12.887,32 € de máis. Engade que é “un informe dos xuíces”, e opina que ao equipo de goberno “déuselles por seguir denunciándoo”, aínda que sabían que non atoparían nada de que el, Canarga, ou Diego Rivas se lucrasen con iso. Manifesta que lle parece sorprendente que, se teñen desconfianza de que se repertisen cartos, sigan contratando obras a Canarga e proxectos a Diego Rivas. Opina que “van por el” e indica que “non sabe por que meteron a esa xente polo medio”. Lembra que a denuncia anterior do PSOE tamén se fixera contra a Tesoureira e a Interventora, e indica que non entende por que. Opina que seguen co gasto de 18.000 € tras os sobreesementos libres de 2012 e 2021 e, por moito que vaian á Audiencia Provincial, porque hai que pagar a Carlos Hernández. Pregunta se saben canto se fai con 18.000 € nun Concello, e pon coma exemplo axudas a 60 autónomos, gastos duns 45 alugueres ou 1.500 horas de SAF.

O señor Alcalde chama á orde ao señor Fernández Mouriño e pídelle que non dea voltas e que explique se está acabado o vial do Souto, e indicalle que, se quere, poden ir alí cos veciños para velo.

O señor Fernández Mouriño replica que “o que estaba no proxecto está acabado” e pregúntase se o Alcalde está a chamar “falso” ao perito xudicial ou á xuíza, e anuncia que van pedir máis plenos ata que esgoten os tres anuais aos que teñen dereito. Reitera que, na súa opinión, están a gastar 18.000 € e que aínda tiña máis cousas que dicir do que se pode facer con ese diñeiro.

O señor Alcalde pregúntalle de novo se está rematada a obra e pregunta onde están as 8 farolas ou a parte de beirarrúa que falta. O señor Fernández Mouriño pregúntase se falta “un cacho de acera” e indica “denúncienme ustedes”.

O señor Alcalde exclama “Que valor ten!”, opina que quedou todo bastante aclarado e indica que vai deixar un receso de cinco minutos antes da seguinte sesión.

Ás **10:34** horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval